



# IRREPETIBLE REFERENCIA SECULAR NA INTELECTUALIDADE GALEGA

Juan de Sola Vollbrecht

Isaac Díaz Pardo é unha desas figuras da cultura galega que pasará a formar parte dos anuarios dedicados e practicados pola sociedade na procura da aplicación dunha xustiza a un legado indiscutible.

Convertir nunha referencia a quen xa é un precedente histórico resulta unha labor distanciada da obxectividade necesaria. Pardo acabou por inculcarnos unha filosofía cargada dun fino marketing: “vivamos coa cultura galega” porque “habela haila”.

Dende o dominio de diversas disciplinas non dubidou en presentarse ante a colectividade como un home máis didáctico que versado e procedente do universo do coñecemento exclusivo.

Falar, escribir, escuplir, tallar, pintar ou pensar foron verbos empregados na súa máxima expresión práctica. A cousa xa viña de lonxe. O seu pai, Camilo Díaz, transformará o escaerío da súa casa nun foro de intelectualidade das ‘Irmandades da fala’. Grandes nomes das letras e as artes de principios de século XX (Castelao, Ramón Cabanillas, Otero Pedrayo) formaron parte das vivencias da súa infancia.

Os expertos en pediatría e educación infantil aseveran que somos, en boa parte, froito da nosa educación, formación e experiencias dos primeiros cinco anos de vida. Coa intelixencia prevista, Pardo aproveitou as características do seu ADN para pontecialo ao longo da súa existencia.

Entregou tempo, dedicación e talento a refundar e impulsar o Complexo Industrial de Cerámica de Sargadelos, no concello de Cervo. Foi incisivo en recuperar a memoria histórica e deseñar iniciativas de relevancia como o Instituto Galego de Información, o Museo Carlos Maside ou o novo Seminario de Estudos Galego.

Tanta foi a súa insistencia con este fermoso proxecto que acabou convertido nun referente tanto a nivel cultural como social. As inqedanzas de Pardo non tiñan fronteiras aparentes. No se limitou a ‘monotemática de acción’.

Durante a creativa e sonora década dos 80, acabou sendo membro do primeiro Consello Provincial da Cultura constituída pola Deputación de Lugo, co único obxectivo de promocionar as iniciativas dos artistas da terra. Tiña moi claro que difundir e dar a coñecer a labor cultura estimulaba as creacións e o xurdimento de novos creadores.

Ante un inalterable compromiso de axeitado éxito en pro da universalización da cultura, foi recoñecido coa **Medalla de Ouro ao mérito nas Belas Artes**, otorgado polo Ministerio de Cultura do goberno español. Este recoñecemento foi o revulsivo preciso para non cesar nunha labor secular ao fronte do Consello da Cultura Galega.

En tempos póstumos, a figura de Isaac Díaz Pardo, incluso, consegue darlle un certo sentido o ‘macro contenedor’ da Cidade da Cultura. O seu legado bibliográfico, documental, epistolar e gráfico; máis de 16.000 exemplares serán conservados nun espazo con recunchos únicos e irrepetibles.